

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

O aprendiz de escritor

21.08.2010 Luís González Tosar asegura que bota de menos que as novas xeracións en xeral non vivan a literatura

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

A literatura é coma o viño, haino que saborear, coma a vida ou o amor. Pero ademais é oficio, introspección e vida. Así pensa Luís González Tosar, que pasa o verán lendo literatura portuguesa e brasileira, con varios proxectos no tinteiro, e co proxecto de volver montar en bicicleta.

Está a ter un verán de pracer ou de traballo?

De traballo, dependendo do que se entenda por traballo.

Ten algún plan para o verán?

Tiña, pero non creo que poida realizalo, é un plan frustrado. Tratábase de xuntarnos uns amigos pintores (lévome mellor con eles que cos escritores) e de estar un par de días por aí.

Vese practicando o Xacobeo?

Para nada. Nunca fixen o Camiño de Santiago, nunca me chamou. Teño andado por moitos camiños pero este nunca o fixen, por agora, ó mellor si pero non me chama.

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

Teño moitísimos, tanto de vida como de creación, o problema é levalo a cabo. Teño, entre outros, un libro de relatos curtos, non exactamente microrrelatos. É moi interesante o modelo das *Cousas* de Castelao, pero nunca nos fixamos niso.

Que lle gusta máis do verán?

Non pasar frío, é algo que me molesta moito. Tamén me gusta a luz, é fantástica. Detesto a praia, non me gusta nada e nunca vou. O verán no Ribeiro é marabilloso, vendo como medran os acios e as follas van collendo outras tonalidades pasando do verde ó cobre. O verán tamén é moi bonito porque me encanta beber nas fontes e no verán bébese moito máis.

Está a ler este verán?

Estou lendo e relendo varios libros a un tempo. Por exemplo, un novelista brasileiro que me interesa moito é Antonio Torres. Non leo moita poesía, pero si moito en brasileiro: *Contos da montaña*, de Miguel Torga, *Infância* de Graciliano Ramos...

Está a practicar algún deporte?

Camiño un pouco máis, iso si, pero deporte... Ando cun proxecto de revitalizar unha bicicleta, a ver se me atrevo a collela outra vez.

A literatura para un escritor é á vez profesión e hobby?

De hobby non ten nada. A literatura se se fai en serio, coma Ferrín, Manuel Rivas ou Xohana Torres non ten nada de hobby. Ten moito de oficio, de introspección, de vida... Eu, que me considero aprendiz de escritor, creo que escribila está moi ben, pero vivila é fantástico. Iso é o que lle boto en falta moitas veces ás novas xeracións, que pensan que se trata de publicar un libro cada mes ou cada quince días e así estarían encantados. É coma o viño: haino que saborear igual que a vida, o amor, non se trata de estar picando tódolos días senón que se hai que recrear.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Que va, é mellor que non teña nada (risos). É unha incomodidade tremenda andar cun libro debaixo do brazo, por favor! Hainos que ter nos andeis e saber onde están. Un dos problemas meirandes dos escritores é localizalos.

Ó estar de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Eu creo que todo o mundo das letras, calquera que se dedique a isto, ten que estar continuamente renovándose, ese é o gran desafío. Un poeta non pode facer sempre o mesmo libro de versos. Hai que saír, estar coa xente, nas tabernas, nos sitios onde está a xente. Aí é onde tomas notas e onde se che ocorren as ideas. Poñerse diante do ordenador e dicir "vou face-la grande obra" é unha solemne imbecilidade. O escritor sempre ten que estar en contacto coa realidade aínda que non sexa un escritor realista

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Pois contigo mesmo, con calquera, por que non? Seguro que tes moitas cousas que descubrirme, igual ca eu a ti.

Como é o primeiro día de escritura trala tempada de vacacións? Custa arrincar?

Claro, igual que todos na vida, como o cociñeiro que está moito tempo fóra das cociñas. Hai moito de práctica.

O PERFIL

Nome: Luís González Tosar

Lugar de nacemento: Bos Aires

Ano de nacemento: 1952

Obras: *A caneiro cheo* (1986), *Remol das travesías* (1989), *Campás de Recalada* (1992), *Estación marítima* (1996), *Estúrdiga materia* (2008)...

Premios: Premio Esquío de poesía e Premio Antón Losada Diéguez por *A caneiro cheo*, Premio da Crítica Española por *Remol das travesías*, Premio da Crítica Galicia 2009 por *Estúrdiga materia*...

Ademais: Leva dende 1995 presidindo o PEN Clube de Galicia, recibiu a Medalla Castelao da Xunta de Galicia en 2005, dirixiu a revista *Dorna*...

Pepe Ferrín